



Feira Franca. Programa 2017

Chegará setembro, ten a certeza.

Chegará setembro e non has ser quen de distinguir o posible do imposible, ha chegar e o mundo semellará unha incógnita, chegará setembro e haberá Feira Franca na ilustre vila de Pontevedra.

Feira Franca de bestas e de mitos. Sereas con engados de cores, voces máxicas que rouban sentidos a xentes valentes, centauros que deixan ronseis e unicornios dourados que mesturan soños e crenzas. Chegará setembro e ha de haber Feira Franca na ilustre vila de Pontevedra. E virán seres imaxinarios, do tamaño de Tambo, que aparecerán entre a néboa do amencer, e serán quen de non deixar partir os soños do almirante, prendidos entre enormes dragóns e monstros devoradores de indesexables males.

Chegará a Feira Franca, vinde! Traerá maxia e memoria. Baixará o Becho de Cerdedo, virá de alén do marco do Seixo onde dá a volta o vento. Espertará o dragón do Sangal que dorme plácido no leito do Lérez. E acenderemos fachos de lume para afastalos e haberá festa, xantares e ceas polas rúas celebrando o efémero da vida. Afastaremos o Urco con risas e bailes, negando as maldicións dos lobishomes para facer brillar lúas de ledicia. Haberá Feira Franca o 1 e 2 de setembro na ilustre vila de Pontevedra. Non temades as bestas, medos convertidos en contos, crenzas morais transformadas en fadas; vinde! Só queda o camiño do festexo. Vinde, cando chegue setembro, xentes da comarca, xentes de alén do Lérez onde nace o Sol, de máis alá das illas de Ons, das terras altas de Forcarei, vinde os da enseada de San Simón, vinde xente acollidora de Pontevedra; vinde, hai Feira Franca na ilustre vila. Non temades a enorme coca de cor verde e viscosa, vencerémola con espadas de bailes e voz de risas, non haberá hidras que rematan coa festa nin grifóns que nos rouben a ledicia. Vinde, haberá mercadores, unguentos, meigallos; vinde, haberá gaiteiros e músicas, haberá algunha fada e moitos trasnos, haberá contos para espantar o medo e succulentos manxaras para afastar a fame e haberá festa de solpor a solpor. Vinde! Hai Feira Franca!

Venres 1. Xornada inaugural

19.00 h. **Pregoeiros a cabalo** anuncian o comezo da XVIII edición da Feira Franca. Centro histórico.

22.30 h. Espectáculo **Cando chega a noite** a cargo das compañías *Kull d'Sak* e *Troula* na Ferraría.

Sábado 2. Día da Feira Franca

11.30 h. **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e da **mostra de oficios** (praza da Ferraría e do Peirao).

11.30 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, *Asociación Cultural Pola Vila*. Centro histórico.

12.00 h. **Recreación do transporte do viño** pola *asoc. Recriativa de Xeve, Art Monium*, animación, música, representacións... Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.

12.30 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**, *Escola Hungaresa*, na Gran Vía de Montero Ríos.

12.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Verdura.

13.00 h. **Tiro con arco**. *Boa Vila*, Montero Ríos.

13.30 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.

17.00 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**, *Escola Hungaresa*, en Montero Ríos.

17.30 h. **Gran torneo medieval** do grupo de espe-

cialistas *Hípica Celta* na praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.

17.30 h. Exhibición de **danza**, *Club Treboada*, en Montero Ríos.

17.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Ferraría.

17.30 h. **Animación medieval** polo centro histórico a cargo de *Olodum do Coio*.

18.00 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, *Asociación Cultural Pola Vila*. Centro histórico.

18.30 h. **Música e bailes medievais** a cargo da *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, na Peregrina.

18.30 h. **Competición-exhibición de tiro con arco**, *Club Boa Vila*, en Montero Ríos.

19.00 h. **Pasarrúas de bufóns e trobadores** polas rúas do centro histórico.

19.00 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*. Montero Ríos.

19.30 h. **Exhibición de danza** a cargo do *Club Treboada*, en Montero Ríos.

19.30 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*. Centro histórico.

20.00 h. **Gran torneo medieval** do grupo de especialistas *Hípica Celta* na praza de touros. Entrada de balde ata completar capacidade; polas portas 2, 3 e 6.

21.00 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*. Centro histórico.

21.00 h. **Cantar de cego e música medieval** a cargo de *Foula* polas rúas do centro histórico.

21.45 h. **Pasarrúas dos Errantes**. Centro histórico.

23.00 h. **Pasarrúas e fin de festa** a cargo de *Art Monium* polas rúas do centro histórico.



Plano guía sobre actividades e espazos das asociacións

Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría 2. Praza da Leña 3. Praza do Teucro [azougue] 4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus] 5. Praza da Pedreira 6. Praza da Verdura [feira] 7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba] 8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu] 9. Igrexa de Santa María 10. Paseo de Santa María [lampán dos xudeos] 11. Ponte do Burgo 12. Avda. de Santa María [eirado das torres] 13. Xardíns de Casto Sampedro 14. Avda. de Montero Ríos 15. Praza de Touros 16. As Palmeiras 17. CITA [torres arcebispaís]

Centro de Interpretación Torres Arcebispaís

Imaxínaste como foi a Pontevedra da Feira Franca? No CITA poderás coñecela.

Actividades para nenas e nenos

PRAZA DA PEDREIRA

Ás 13.00 e ás 19.00 h. **Espectáculo A dama cervá e outras bestas cos Quinquilláns**

12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. **Circuíto de xogos**

SOPORTAIS DA PEDREIRA

11.00 a 19.00 h. **Obradoiro de encaixe de palillos**

11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h. **Talleres infantís “Sobre animais fantásticos e seres fabulosos”**

PRAZA DE ESPAÑA

11.00 a 21.00 h. **Atraccións medievais para nenos e nenas**

A partir das 12.00 h. **Campamento medieval**

Guía de actividades fixas

Asoc. Recreativa Xeve. Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregos e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo couro de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes. Taberna medieval (parte posterior Concello) con espectáculo de danza e música.

Club Boa Vila de Tiro con Arco. Demostración de tiro con arco e competición. Gran Vía de Montero Ríos.

Asoc. Socioc. de Meiro-Corvo (Bueu). Recreación dun al-

pendre de aldea e alboio. Obradoiros. Ferraría.

Asoc. socioc. Cedofeita. Soportais do edificio do Museo, rúa Sarmiento. Obradoiro de confección de papel vexetal.

A.VV. Salcedo Norte. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

A.VV. San Bieito de Lérez. Xantar e cea medieval. Alameda.

Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos). Obradoiro de olaría. Ferraría.

Asociación A Fieitiña. Obradoiro de palillado. Pedreira.

Ventos. Taller de xoiaría vexetal e os foxos do lobo. Ferraría.

Mercado medieval de ALIMENTACIÓN. Alameda, soportais da Ferraría e praza de Curros Enríquez.

Mercado medieval de ARTESANÍA. Avda. de Santa María.

Mercado de demostración de OFICIOS e OBRADOIROS. Praza da Ferraría e praza do Peirao. Toneleiro, telleiros, oleiro, tecedeiras de liño, sombreireira, redeiras, palilleiras, canteiros, cesteiro, ferreiros, carpinteiro, torneiro de instrumentos, curtidor de peles, tallista, artista ferreiro, carpinteiro de ribeira...

